- As obras non poderán implicar aumento de volume nin afectar a elementos estruturais da edificación.
- O regulamento 35/2000 de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu Anexo I, na Base 1.4.3 sinala que as obras que se realicen nas vías públicas deberán protexerse con valos estables e continuos dunha altura non inferior a 90 cm.. Este paso deberá transcurrir sen chanzos “Si existise un evidente perigo para as persoas invidentes complementarase a sinalización coa instalación dun sinal acústico intermitente cunha intensidade de emisión que non perturbe á comunidade.
- De non executarse as referidas obras nos termos da presente licencia incurrirá en infracción urbanística tipificada na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, que implicará a imposición da correspondente sanción ós responsables, así como a obriga de resarcimento dos danos e indemnización das perdas a cargo deles, todo isto con independencia da obriga de reposición da legalidade.

Orzamento:

Orzamento total válido para a liquidación do imposto municipal: 6.152,73€



- Deberán abonarse as correspondentes taxas e ICIO de conformidade coa Lei Reguladora das Facendas Locais, de non terse abonado con anterioridade.

Caducidade das licencias.

1. No acto de outorgamento da licencia determinaranse os prazos de caducidade das licencias de edificación por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

No seu defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licencia por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licencia sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

3. A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. Non obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licencia sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licencia axustada á ordenación urbanística en vigor.

Segundo disposto na Lei 15/2004 de 29 de Decembro pola que se modifica o artigo 220º da Lei 9/2002 LOUPMRG de 30 de Decembro: Regras para determina-la contía das sancións, as infraccións Urbanísticas serán sancionadas da seguinte forma:

- As infraccións leves, con multa de 300 a 6.000 Euros, e como mínimo o 2% do valor da obra, instalación ou actuación realizada.
- As infraccións graves, con multa de 6.001 a 60.000 euros e como mínimo o 20% do valor da obra, terreo, exceso de edificación ou actuación realizada.
- As infraccións moi graves, con multa de 60.001 a 1.000.000 Euros, e como mínimo o 30% do valor da obra, terreos, edificacións ou actuación realizada.

Nos supostos de escasa entidade da infracción a Administración poderá aplica-la sanción prevista na letra b) anterior.

En todo caso colocará un cartel ben visible dende a vía pública no que conste:

- Nome do Promotor
- Nome do Contratista
- Data da licencia: 04/12/09
- Licencia municipal o.m. num. 133/09

Outras circunstancias: Non se xunta á solicitude o estudio básico de seguridade e saúde na obra. O RD 1627/97 que entrou en vigor o 26 de decembro de 1.997 dispón a necesidade de estudio para o outorgamento da licencia municipal.

9. CONSELLERÍA ECONOMÍA E INDUSTRIA.- AMPLIACIÓN CT UNIÓN FENOSA EN VILAR

Nº Expediente: IN407A 2009/893-4

Características da Instalación:

Denominación: Ampliación CT VILAR

Situación: Bueu

Solicitante: UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A

Enderezo Social: Travesía de Vigo num. 204 36000 VIGO



Asunto: Condicionado de Ministerio, Organismos ou Corporacións relativos á aprobación dun proxecto

Logo do informe técnico emitido con data 01/12/09 a Xunta de Goberno Local examinado o expediente e visto o seu contido o considera completo no seu estado actual non establecendo ningún condicionado por parte deste Concello.

Licenzas de 1ª Ocupación

1. RESERVILLAR.- LICENZA 1ª OCUPACIÓN EDIFICIO DE VIVENDAS EN MONTEMOGOS

Dada conta do expediente tramitado a instancia de RESERVILLAR S.L. num. 5532 de 03/09/09 para licenza de primeira ocupación de edificio de sete vivendas, catro estudos e sótano para garaxes e trasteiros no lugar de Montemogos num. 6, deste termo municipal.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, examinados os documentos aportados e a documentación do proxecto que tiveron licencia.

Segundo informe técnico emitido con ata 22/09/09 e logo de realizar visita á obra e por canto non se observan deficiencias e as obras se axustan sensiblemente á licencia concedida e á documentación requerida polos Servicios Técnicos Municipais.

RESOLVE CONCEDER LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN a edificio sito no lugar de Montemogos num. 6 (Beluso), deste termo municipal para sete vivendas, catro estudos e sótano para garaxes e trasteiros

2. CONSTRUCCIONES CABODEVILA.- LICENZA DE 1ª OCUPACIÓN EDIFICIO VIVENDAS EN A. BÓVEDA NUM. 34 B

Dada conta do expediente tramitado a instancia de Construcciones Cabodevila S.L. num. 4275 de 02/07/09 para licenza de Primeira Ocupación de edificio de soto, planta baixa, piso e baixo cuberta para vintedúas vivendas na R/Alexandre Bóveda num. 34-B, deste termo municipal.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes examinados os documentos aportados e a documentación do proxecto que tiveron licencia.

Segundo informe técnico emitido con data 24/09/09 e logo da visita a obra, por canto non se observan deficiencias e as obras se axustan sensiblemente á licencia concedida e a documentación requerida polos Servicios Técnicos Municipais.

RESOLVE CONCEDER LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN a edificio sito na R/ A. Bóveda composto de soto, planta baixa, piso e baixo cuberta para vintedúas vivendas na R/ Alexandre Bóveda num 34 b) deste termo municipal.

Actividades Inocuas e clasificadas:

1. ROMINA PARCERO PÉREZ.- FLORISTERÍA NA AVENIDA DE MARIN

Dada conta do expediente tramitado a instancia de Dª Romina Parceró Pérez con NIF 78.736.440B e moradía na Avenida de Vigo num. 33-3º B do Concello de Cangas (Pontevedra) , no que se solicita autorización municipal para apertura de local adicado a actividade de Floristería a emprazar na Avenida de Marín num. 72 , planta baixa, deste termo municipal.

A Xunta de Goberno Local, por canto segundo consta no informe técnico elaborado ós efectos de comprobación da solidez e seguridade do local, e logo da inspección realizada, neste non se aprecian lesións nin desperfectos na súa estrutura e salvo a existencia de vicios ocultos o local



presenta seguridade e solidez absoluta para adicalo á actividade aludida baixo as condicións normais de uso.

Segundo consta no informe de Sanidade o local segundo instrucción da Dirección Xeral de Saúde Pública e planificación non procede emitir informe sanitario para a tramitación da licenza de actividade, xa que actualmente esta actividade non ten lexislación sectorial sanitaria de aplicación e non se observan implicacións para a saúde pública que sexa necesario informar dende un punto de vista sanitario para a resolución da licenza de actividade.

Dada conta do dictame da Comisión informativa de Urbanismo, vivenda e tráfico en sesión celebrada con data 26/11/09, FAVORABLE á licenza de actividade que se solicita.

Por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA CONCEDER LICENCIA MUNICIPAL para proceder á apertura de local na Avenida de Marín num. 72 baixo para adicalo á actividade de Floristería.

DISPOÑENDO:

- A expedición dunha cartulina acreditativa desta resolución.
- Dar conta á Oficina de Xestión Tributaria ós efectos de alta nos impostos e taxas que deriven desta nova actividade.
- En todo caso a actividade autorizada deberá acomodarse á nova normativa reguladora que vaia entrando en vigor sen necesidade de requerimento previo. Asemade indícaselle que a efectividade desta autorización está supeditada a que o local se atope e permanezca acondicionado tal como se reflicte nos planos e restante documentación técnica que sirve de base á concesión de licenza de apertura e cumpra os condicionamentos ós que quedara suxeita esta autorización.

2. SPORTMAT C.B.- XIMNASIO EN PAZOS FONTENLA

Dada conta do expediente tramitado a instancia de D. José Angel Torres Taboada actuando en nome e representación da Sociedade Sportmat C.B. con CIF E-36.348.258 e moradía na travesía do Inferniño num. 10 baixo, do Concello de Marín (Pontevedra), no que se solicita autorización municipal para apertura de local adicado a actividade de Ximnasio a emprazar no baixo sito na Rúa Pazos Fontenla num. 114, deste termo municipal.

A Xunta de Goberno Local, por canto segundo consta no informe técnico elaborado ós efectos de comprobación da solidez e seguridade do local, e logo da inspección realizada, neste non se aprecian lesións nin desperfectos na súa estrutura e salvo a existencia de vicios ocultos o local presenta seguridade e solidez absoluta para adicalo á actividade aludida baixo as condicións normais de uso.

Segundo consta no informe de Sanidade o local segundo instrucción da Dirección Xeral de Saúde Pública e planificación non procede emitir informe sanitario para a tramitación da licenza de actividade, xa que actualmente esta actividade non ten lexislación sectorial sanitaria de aplicación e non se observan implicacións para a saúde pública que sexa necesario informar dende un punto de vista sanitario para a resolución da licenza de actividade.

Dada conta do dictame da Comisión informativa de urbanismo, vivenda e tráfico, favorable á licenza para actividade que se solicita.

Por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA CONCEDER LICENCIA MUNICIPAL para proceder á apertura de local na Rúa Pazos Fontenla num. 114 baixo para adicalo á actividade de Ximnasio.

DISPOÑENDO:

- A expedición dunha cartulina acreditativa desta resolución.
- Dar conta á Oficina de Xestión Tributaria ós efectos de alta nos impostos e taxas que deriven desta nova actividade.
- En todo caso a actividade autorizada deberá acomodarse á nova normativa reguladora que vaia entrando en vigor sen necesidade de requerimento previo. Asemade indícaselle que a efectividade



desta autorización está supeditada a que o local se atope e permanezca acondicionado tal como se reflicte nos planos e restante documentación técnica que serve de base á concesión de licenza de apertura e cumpra os condicionamentos ós que quedara suxeita esta autorización.

3. FERNANDO CAMACHO MENDOZA.- RESTAURANTE EN JOHAN CARBALLEIRA

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes queda enterado do troco de titularidade producido pasando a tramitarse a partires desta data a nome de JUCAME CONSTRUCCIONES Y OBRAS S.L.

Examinado o expediente promovido JUCAME CONSTRUCCIONES Y OBRAS S.L. con CIF B-85365005, en virtude de instancia presentada con data 18 de Xullo de 2.008, a efectos de licenza municipal para actividade comprendida no NOMENCLATOR anexo ó Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de Novembro de 1.961 de Restaurante dun Tenedor a emprazar na Rúa Johan Carballeira num. 12 baixo, deste termo municipal.

RESULTANDO:

Que foron cumpridos os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e incorporados os informes congruentes coa natureza da actividade.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos, e que a memoria describe en extensión e detalle as características da actividade e a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán, así como a súa adecuación ó medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas Normas Subsidiarias Municipais, non se atopa en contradicción co disposto en acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

CONSIDERANDO: Que o emprazamento corresponde a Solo sito en Casco Urbano, e califícase como Solo Urbano de Media-Alta Densidade regulado pola Ordenanza 12 no apartado 2.2.2.3 e no plano num. 5 da planimetría a E: 1:1000 das NNSS, polo que a actividade pretendida de Restaurante é permisible no emprazamento.

CONSIDERANDO: Que o proxecto presentado para a realización das instalacións específicas da actividade, cumpre a normativa de aplicación, polo que se atopa de conformidade.

Vistos o Decreto 2414/61 de 30 de Novembro, e demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

- Informar favorablemente a concesión da licenza municipal para a actividade comprendida no NOMENCLATOR anexo ó regulamento de Actividades molestas, insalubres, Nocivas e perigosas de 30 de Novembro de 1.961 de Restaurante dun tenedor a emprazar na Rúa Johan Carballeira num. 12 baixo, deste termo municipal.
- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, ós efectos previstos no artigo 33 do Referido Regulamento.

4. ROBERTO FERNÁNDEZ LÓPEZ.- CLINICA DE FISIOTERAPIA NA RUA NOVA DE ARRIBA

Dada conta do expediente tramitado a instancia de D. Roberto Fernández López con NIF 53.110.061W e moradía na Ruanova de Arriba num. 102, no que se solicita autorización municipal para apertura de local adicado a Clinica de Fisioterapia a emprazar no baixo sito na Ruanova de Arriba num. 102, deste termo municipal.

A Xunta de Goberno Local, por canto segundo consta no informe técnico elaborado ós efectos de comprobación da solidez e seguridade do local, e logo da inspección realizada, neste non se



aprecian lesións nin desperfectos na súa estrutura e salvo a existencia de vicios ocultos o local presenta seguridade e solidez absoluta para adicalo á actividade aludida baixo as condicións normais de uso.

Segundo consta no informe de Sanidade o local segundo instrucción da Dirección Xeral de Saúde Pública e planificación non procede emitir informe sanitario para a tramitación da licenza de actividade, xa que actualmente esta actividade non ten lexislación sectorial sanitaria de aplicación e non se observan implicacións para a saúde pública que sexa necesario informar dende un punto de vista sanitario para a resolución da licenza de actividade.

Por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA CONCEDER LICENCIA MUNICIPAL para proceder á apertura de local na Rúa Nova de Arriba num. 102 para adicalo á actividade de Clínica de Fisioterapia

DISPOÑENDO:

- A expedición dunha cartulina acreditativa desta resolución.
- Dar conta á Oficina de Xestión Tributaria ós efectos de alta nos impostos e taxas que deriven desta nova actividade.
- En todo caso a actividade autorizada deberá acomodarse á nova normativa reguladora que vaia entrando en vigor sen necesidade de requerimento previo. Asemade indícaselle que a efectividade desta autorización está supeditada a que o local se atope e permanezca acondicionado tal como se reflicte nos planos e restante documentación técnica que sirve de base á concesión de licenza de apertura e cumpra os condicionamentos ós que quedara suxeita esta autorización.

C) RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

1. DACIÓN CONTA RESOLUCIÓN ALCALDÍA.- APROBACIÓN CERTIFICACIÓNS 6-7-8, FACTURAS, ACTA DE RECEPCIÓN E CERTIFICACIÓN DE MELLORAS DAS OBRAS “REFORMA E AMPLIACIÓN EDIFICACIÓN EXISTENTE ADICADA A LOCAL DE ENSAIO NO VALADO”

Dada conta da Resolución adoptada pola Alcaldía Presidencia de 27 de Novembro, que se transcribe dun xeito literal:

Con data 08/09/09;15/10/09 E 12/11/09 preséntanse no rexistro municipal (5667,6359 E 6923 respectivamente) pola Entidade Adxudicataria das obras, TAELO TALLERES ELECTROTÉCNICOS DE PONTEVEDRA S. COOP. Con CIF F-36.049.534 as certificacións num. 6-7-8 e Facturas da obra “Reforma e Ampliación de Edificación existente adicado a local de Ensaio no lugar do Valado deste termo municipal e polo importe de 29.103,88€ (Ive incluído por importe de 4.014,33€), 49.533,80€ (Ive incluído por importe de 6.832,25€) e 107.800,93€ (Ive incluído por importe de 14.869,09) respectivamente.

Presentada Acta de Recepción e Certificación das Melloras comprometidas polo importe de de 23.299,21€ e IVE por importe de 3.727,87€(Que ascende a un total de 27.027,08€)

Financiadas mediante convenio de colaboración entrea Consellería de Traballo e Benestar(Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado) e o Concello de Bueu, mediante convenio de colaboración asinado con data 10/10/08 cun orzamento total de 398.331,81€

Habida conta da urxencia en xustificar a subvención antes do 30 de Novembro de 2.009.

Esta Alcaldía, ó abeiro das facultades atribuídas, sinaladas no art. 21. da Lei 57/2003 de 16 de Decembro de Medidas para a modernización do Goberno Local pola que se modifican determinados preceptos da Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e concordantes Lei Galega 5/97 e R.D. 2568/1986, e demais normativa en materia de Réxime Local.

RESOLVO:



- Avoca-la delegación efectuada na Xunta de Goberno Local e ós únicos efectos de prestar aprobación das presentes certificacións e facturas, xustificándose esta avocación na urxencia en ter xustificada esta subvención antes do 30 de Novembro próximo.
- PRESTAR APROBACIÓN ás Certificacións 6-7-8, FACTURAS, ACTA DE RECEPCIÓN E CERTIFICACIÓN DE MELLORAS comprometidas das obras consistentes na REFORMA E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE ADICADO A LOCAL DE ENSAIO NO LUGAR DO VALADO e polo importe de 29.103,88€ (Ive incluído por importe de 4.014,33€), 49.533,80€ (Ive incluído por importe de 6.832,25€) e 107.800,93€ (Ive incluído por importe de 14.869,09) e 27.027,08€ (Ive incluído por importe de 3.727,87€) respectivamente, declarando de abono as cantidades que se corresponden ás certificacións 6-7 e 8 en concepto e importes arriba reseñados a favor da Entidade “TAELPO TALLERES ELECTROTÉCNICOS DE PONTEVEDRA S. COOP.” Con CIF F-36.049.534 como adxudicataria das obras.
- Dar traslado desta Resolución á Entidade Subvencionante a efectos da súa xustificación.
- Dar conta á Intervención Municipal para o seu coñecemento e ós efectos que sexan procedentes.
- Dar conta á Xunta de Goberno Local instando en todo caso a súa ratificación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, RESOLVE PRESTARLLE APROBACIÓN, ratificándose no seu contido literal.

2. DACIÓN CONTA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.- APROBACIÓN CERTIFICACIÓN 2-3 FINAL E ACTA RECEPCIÓN REURBANIZACIÓN RUAS FRANCISCO ESCÁNEO E A. BÓVEDA (ANUALIDADE 2.009)

Dada conta da Resolución adoptada pola Alcaldía-Presidencia que se transcribe dun xeito literal:

Dada conta das Certificacións 2-3 FINAL e factura, Acta de Recepción e certificación das melloras presentadas pola Entidade Mercantil “NAROM SL” con CIF B-36163418 na condición que ostenta como contratista Adxudicatario das obras “Reurbanización das Rúas Francisco Escáneo e Alexandre Bóveda” correspondentes á anualidade 2.009.

Financiadas con cargo á subvención outorgada ó abeiro da Orde de 14 de Febreiro de 2.008 da Consellería de Innovación e Industria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das subvencións ás corporacións Locais para adecuación e modernización de equipamentos comerciais (Liña Merca) e vertebración do comercio urbano (Liña Urbancomer) en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego e se procede á súa convocatoria para o ano 2.008. Código de Procedemento IN223A.

Publicada no Diario Oficial de Galicia num. 39 de 25 de Febreiro de 2.008.

E polo importe de 210.000,00€ (105.000,00€ de 2.008 e 105.000,00€ de 2.009) que se corresponden co 70% do investimento subvencionable de 300.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 10.05.751 A761.3 para o financiamento das obras de “REURBANIZACIÓN DAS RÚAS ALEXANDRE BÓVEDA E FRANCISCO ESCÁNEO”.

Esta Alcaldía, ó abeiro das facultades atribuídas, sinaladas no art. 21. da Lei 57/2003 de 16 de Decembro de Medidas para a modernización do Goberno Local pola que se modifican determinados preceptos da Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e concordantes Lei Galega 5/97 e R.D. 2568/1986,

RESOLVO:

- Avoca-la delegación efectuada na Xunta de Goberno Local e ós únicos efectos de prestar aprobación das presentes certificacións e facturas, xustificándose esta avocación na urxencia en xustificar a subvención outorgada dentro do prazo establecido nas Bases da convocatoria e Resolución de aprazamento.



- Prestar aprobación ó gasto do correspondente contrato e recoñecer a obriga que das mesmas se derivan.
- PRESTAR APROBACIÓN ás Certificacións NUM. 2-3 FINAL, factura, Acta de Recepción e Certificación das Melloras ofertadas en relación da obra “Reurbanización das Rúas Francisco Escáneo e Alexandre Bóveda” e polo importe de:
 - Certificación Num. 2 e factura: Por importe de 60.621,32€ dos que 8.361,56€ corresponden ó Ive (Anualidade 2.009)
 - Certificación Num. 3-Final e factura: Por importe de 87.948,70€ dos que 12.130,86€ corresponden ó Ive (Anualidade 2.009)
 - Certificación das Melloras comprometidas polo importe de 60.145,88€ dos que 9.123,57€ corresponden ó Ive.
-
- Dar traslado desta Resolución á Entidade Subvencionante a efectos da súa xustificación.
- Dar conta á Intervención Municipal para o seu coñecemento e ós efectos que sexan procedentes.
- Dar conta en Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre instando en todo caso a súa ratificación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE PRESTARLLE APROBACIÓN, ratificándose no seu contido literal.

3. DACIÓN CONTA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.- SOLICITUDE SUBVENCIÓN Ó INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA PARA PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA

Dada conta da Resolución adoptada pola Alcaldía-Presidencia de 27 de Novembro, que se transcribe dun xeito literal:

Solicitud de Subvención ó Instituto Enerxético de Galicia, segundo Resolución de 21 de Outubro de 2.009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concurrencia competitiva das subvencións e axudas a proxectos de Aforro e Eficiencia Enerxética correspondentes ó exercizo 2009 e ó amparo do convenio suscrito entre o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) e o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) ó día 3 de xullo de 2.009.

ASUNTO:

Dada conta da Resolución adoptada polo Instituto Enerxético de Galicia segundo Resolución do 21 de Outubro de 2.009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concurrencia competitiva das subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética e proxectos de enerxías renovables en Galicia correspondentes ó exercizo 2.009 e ó abeiro dos convenios subscritos entre o IDAE e o Inega os días 3 de Xullo de 2.009, publicada no DOG num. 213 de 30 de Outubro de 2.009.

Pola presente, e en virtude das facultades sinaladas no art. 21. da Lei 57/2003 de 16 de Decembro de Medidas para a modernización do Goberno Local pola que se modifican determinados preceptos da Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e concordante Lei Galega 5/1997.

RESOLVO:



- Avoca-la delegación efectuada na Xunta de Goberno Local e ós únicos efectos de Acollerse á convocatoria de axudas a Corporacións Locais arriba indicadas e concretamente no Programa de Axudas para Aforro e Eficiencia Enerxética, xustificándose esta avocación no inminente prazo establecido para solicitar subvención e que a seguir se indican:

PROXECTO	INVESTIMENTO/2009	AXUDA/2009
Centralización, Xestión e Redución do Gasto Enerxético na I.P. de Graña e Meiro Interior Aldea	210.337.82€	63.101,35€

- Solicitar axuda en concepto para a execución das obras de Centralización Xestión e Redución do Gasto Enerxético na I.P. de Graña e Meiro Interior-Aldea polo importe de 63.101,35€ ó abeiro da orde arriba reseñada, ACEPTANDO as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución adoptada polo Instituto Enerxético de Galicia do 21 de Outubro de 2.009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética e proxectos de enerxías renovables en Galicia correspondentes ó exercicio 2.009 e ó abeiro dos convenios subscritos entre o IDAE e o Inega o 3 de Xullo de 2.009, publicada no DOG num. 213 de 30 de Outubro.
- Dar conta en Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre, instando en todo caso a súa ratificación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros RESOLVE prestarlle aprobación, ratificándose no seu contido literal.

D) BENS

1. JUAN IGLESIAS OTERO E OUTRA.- CESIÓN TERREOS REGULARIZACIÓN VIARIA EN CHAN DE PIÑEIRO

Dada conta da cesión formalizada por D. Juan Iglesias Otero e D^a Esther Domínguez Portas con data 2 de Decembro último e como consecuencia de expediente de licencia para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Chan de Piñeiro deste termo municipal.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE ACEPTAR A CESIÓN FORMALIZADA

E nos seguintes termos:

Documento aportado:

Xustifica a propiedade da finca mediante o seguinte documento:

- Escritura de compra-venda formalizada con data 16/10/08 ante a Notaría de Cangas do Morrazo Dona María Angeles Otero Seivane baixo o num. 1157 do seu protocolo.

Descrición da finca:

Chan de Piñeiro, parcela num. 3, sita no lugar de Chan de Piñeiro, dunha extensión superficial de 509,06 m² cos seguintes lindes:

- Norte, parcela num. 2 propiedade de D. José Angel Rodríguez Estévez e D^a Antonia Pena Gestido
- Sur, parcela num. 4 propiedade de D. José Angel Rodríguez Estévez e D^a Antonia Pena Gestido
- Leste, Porfiria Martínez Martínez
- Oeste, Camiño



Os Sres. Iglesias Otero-Domínguez Portas fan cesión expresa do dominio pleno dos terreos a que se refire o obxecto da presente comparecencia cunha extensión que acada a superficie total de 43,96 m² segundo resulta do plano 01 de situación e deslinde visado polo COAG con data 04/05/09 que obra no expediente de licenzia municipal.

Esta Resolución motivará as oportunas inscricións no Inventario de Bens do Concello e no Rexistro da Propiedade.

E) ASUNTOS ECONÓMICOS

1. MARÍA EVA GUISANDE RINCÓN.- DEVOLUCIÓN FIANZA OBRAS SANEAMENTO E POZO EN SAR

Realizada visita polo Técnico Municipal para comprobar o estado das obras afianzadas e recibido informe favorable de Aqualia.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE a cancelación dos avais depositados en concepto de Conexión Rede de Abastecemento e pozo polos importes de 934,11€ e 1.220,00€ respectivamente.

2. CONSTRUCCIONES CABODEVILA.- DEVOLUCIÓN FIANZA POLOS POSIBLES DANOS EN SERVICIOS MUNICIPAIS EN A. BÓVEDA

Realizada visita de inspección polo Técnico Municipal e logo de comprobar que non existen danos en servizos municipais e se resolveron os servizos urbanísticos.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE A CANCELACIÓN dos avais constituídos por posibles danos en servizos Municipais por importe de 7.800,00€ e Resolución dos Servizos Urbanísticos (2.302,02€).

3. ELYME.- DEVOLUCIÓN FIANZA CANALIZACIÓN ELÉCTRICA SOTERRADA NO CAMIÑO DO MUIÑO

Realizada visita de inspección polo Técnico Municipal e logo de comprobar que non existen danos en servizos municipais e se resolveron os servizos urbanísticos.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE A CANCELACIÓN do aval constituído por posibles danos en servizos Municipais por importe de 1.777,85€



F) PERSOAL

1. OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2009

Proposta concelleira dda. de persoal

- **ASUNTO: oferta de emprego público 2009**

Con data 30 de setembro de 2009 foi publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 189 anuncio de aprobación definitiva do orzamento xeral, plantel e catálogo municipal para o exercicio 2009 (acordo plenario de data 23.9.09), producíndose así a súa entrada en vigor, do que se deriva a obriga de aprobar a correspondente Oferta de Emprego Público para o ano 2009, e a subseguinte tramitación e convocatoria dos correspondentes procesos selectivos. En sesión ordinaria do Pleno de data 4.11.2009 producíase unha rectificación de erros do acordo de 21.8.09.

Visto o informe emitido pola auxiliar de persoal sobre as vacantes que se atopan recollidas no plantel municipal e dotadas orzamentariamente,

Considerando que a competencia para a aprobación da OEP se ben é, en orixe, competencia da Alcaldía, segundo o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, atópase delegada na Xunta de Goberno Local en virtude de Resolución de Alcaldía de data 22 de xuño de 2007, publicada no BOP de Pontevedra nº 135 de 12 de Xullo de 2.007,

Polo exposto, dende esta Concellería elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a Oferta de Emprego Público para o ano 2009 segundo a descrición que se recolle a continuación.

Segundo.- Remitir acordo aprobatorio da OEP á Administración Xeral do Estado e á Xunta de Galicia, de acordo co establecido no art. 56.1 da Lei 7/1985.

Terceiro.- Dispoñer a publicación da OEP 2009 no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Funcionarios de carreira.

.- Grupo A. Subgrupo A2, segundo artigo 76 e disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Clasificación: Escala: Administración Xeral; Subescala: Técnica.

Número de Vacantes: Unha. Denominación: Arquitecto Técnico.

.- Grupo C. Subgrupo C2, segundo artigo 76 e disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Clasificación: Escala: Administración Especial; Subescala: Servizos Especiais; Clase: Policía Local.

Número de Vacantes: Tres. Denominación: Policía.

.- Grupo C. Subgrupo C1, segundo artigo 76 e disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Clasificación: Escala: Administración Xeral; Subescala: Servizos Xerais.

Número de Vacantes: Unha. Denominación: Administrativo

.- Grupo sen titulación requirida, segundo artigo 76, disposición transitoria terceira e adicional sétima da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.



Clasificación: Escala: Escala Administración Especial, subescala Servicios Especiales. Clase: Persoal de Oficios.

Número de vacantes: Dúas. Denominación: Operario limpeza.

.- Grupo sen titulación requirida, segundo artigo 76, disposición transitoria terceira e adicional sétima da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Clasificación: Escala: Escala Administración Especial, subescala Servicios Especiales. Clase: Persoal de Oficios.

Número de vacantes: Unha. Denominación: Peón de obras e servicios.

Grupo sen titulación requirida, segundo artigo 76, disposición transitoria terceira e adicional sétima da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Clasificación: Escala: Escala Administración Especial, subescala Servicios Especiales. Clase: Persoal de Oficios.

Número de vacantes: Unha. Denominación: Peón sepultureiro.

Persoal laboral

.- Nivel de titulación: Graduado escolar, FP 1 ou equivalente. Denominación: Oficial Conductor vehículo barreadeira. Número de vacantes: Unha.

.- Nivel de titulación: Certificado de Escolaridade. Denominación: Operario limpeza. Número de vacantes: Unha.

En Bueu, 2 de decembro de 2009, A Concelleira Dda. de Persoal, Asdo.: Laura Ogando Muñiz

G) SERVIZOS SOCIAIS

1. MARÍA PILAR MIRANDA GÓMEZ.- ALTA SERVIZO AXUDA NO FOGAR

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE PRESTAR APROBACIÓN á proposta de alta no Servizo de Axuda no Fogar que a seguir se indica:

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL.

ASUNTO: Alta no Servizo de Axuda no Fogar a nome de María Pilar Miranda Gómez.

O apoio á unidade de convivencia e a axuda a domicilio, como prestación básica do Sistema Público de Servizos Sociais, pretende dar resposta á necesidade social de convivencia, en torno á cal se articula o nivel máis primario das relacións humanas, necesarias para o desenvolvemento persoal e para a integración social das persoas.

A axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que se teña limitada a autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar. Asimesmo e de acordo coa valoración técnica realizada no departamento de benestar social do concello, que considera que o SAF supón un recurso idóneo de atención para a persoa cujos datos figuran a continuación, e polo que,

PROPOÑO:

A alta como beneficiario/a do SAF municipal da seguinte persoa:



<i>Nome, apelidos e D.N.I. do/a beneficiario/a</i>	Atencións aprobadas	Alta	Puntuación	Intensidade horaria	Prezo público do/a beneficiario/a	Prezo público do Concello de Bueu
M. Pilar Miranda Gómez	Atención persoal e doméstica	9 de decembro	33 puntos	45 horas/mes.	0%	100%

Bueu, 04 de decembro de 2009
A concelleira delegada de Igualdade e Benestar Social
Laura Ogando Muñiz

H) SERVIZOS E OBRAS MUNICIPAIS

1. PLAN SEGURIDADE E SAÚDE REURBANIZACIÓN JOHAN CARBALLEIRA

Segundo informe técnico emitido con data 04/12/09 en lación o Plan de Seguridade e Saúde presentado para a obra de “Reurbanización Johan Carballeira” presentado pola Entidade Adxudicataria “BELYP A CONSTRUCCIONES S.L.”

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes por canto o Plan de Seguridade presentado adaptase ó proxecto e ó Estudio Básico de Seguridade.

RESOLVE PRESTARLLE APROBACIÓN.

I) OUTROS ASUNTOS

1. DACIÓN CONTA DILIXENCIA CONSTANCIA PROCEDIMENTO MONITORIO INTERPOSTO POR A&B LABORATORIOS DE BIOTECNOLOGÍA SOBRE RECLAMACIÓN DÉBEDA

FORA DA ORDE DO DÍA

Previa declaración da urxencia na forma regulamentaria **ADOPTÁRONSE** os seguintes **ACORDOS**:

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes queda enterada do auto do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción num. 2 de Marín recaído en expediente de reclamación de cantidade de A&B LABORATORIOS DE BIOTECNOLOGÍA S.A. polo que ,

Despáchase a execución a instancia de A&B laboratorios de Biotecnología S.A. como parte executante, fronte o Concello de Bueu como parte executada pola cantidade de 12.749,68€ en concepto de principal, máis a cantidade de 3.824,90€ presupuestada para intereses e costas da execución sen perxuízo dunha posterior liquidación.

Aceptando os termos contidos no auto dictado e dispoñendo:

- Prestar aprobación ó gasto, recoñecer a obriga e ordear o pago das cantidades en concepto de principal, intereses e costas da execución polos importes que se indican:
 1. Principal: 12.749,68€
 2. Costas: 2.170,16€
 3. Intereses: 213,18€

Sen perxuízo dunha posterior liquidación.



1. DACIÓN CONTA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.- APROBACIÓN CERTIFICACIÓN 9-FINAL DAS OBRAS “REFORMA E AMPLIACIÓN EDIFICACIÓN EXISTENTE ADICADA A LOCAL DE ENSAIO NO VALADO

Dada conta da Resolución adoptada pola Alcaldía Presidencia con data 27 de Novembro de 2.009, que se transcribe dun xeito literal:

Con data 23 de Novembro de 2.009 (num. 7171) preséntase pola Entidade Adxudicataria das obras, TAELO TALLERES ELECTROTÉCNICOS DE PONTEVEDRA S. COOP. Con CIF F-36.049.534 as certificacións num. 9-Final e Factura da obra “Reforma e Ampliación de Edificación existente adicado a local de Ensaio no lugar do Valado deste termo municipal e polo importe de 79.652,84€(dos que 10.986,60€corresponden ó Ive).

Financiadas mediante convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar(Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado) e o Concello de Bueu, mediante convenio de colaboración asinado con data 10/10/08 cun orzamento total de 398.331,81€

Habida conta da urxencia en xustificar a subvención antes do 30 de Novembro de 2.009.

Esta Alcaldía, ó abeiro das facultades atribuídas, sinaladas no art. 21. da Lei 57/2003 de 16 de Decembro de Medidas para a modernización do Goberno Local pola que se modifican determinados preceptos da Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e concordantes Lei Galega 5/97 e R.D. 2568/1986, e demais normativa en materia de Réxime Local.

RESOLVO:

- Avoca-la delegación efectuada na Xunta de Goberno Local e ós únicos efectos de prestar aprobación das presentes certificacións e facturas, xustificándose esta avocación na urxencia en ter xustificada esta subvención antes do 30 de Novembro próximo.
- PRESTAR APROBACIÓN á Certificación 9-Final e FACTURA, das obras consistentes na REFORMA E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE ADICADO A LOCAL DE ENSAIO NO LUGAR DO VALADO e polo importe de 79.652,84€ declarando de abono as cantidades que se corresponden ás certificacións 9-Final en concepto e importes arriba reseñados a favor da Entidade “TAELO TALLERES ELECTROTÉCNICOS DE PONTEVEDRA S. COOP.” Con CIF F-36.049.534 como adxudicataria das obras.
- Dar traslado desta Resolución á Entidade Subvencionante a efectos da súa xustificación.
- Dar conta á Intervención Municipal para o seu coñecemento e ós efectos que sexan procedentes.
- Dar conta á Xunta de Goberno Local instando en todo caso a súa ratificación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE PRESTARLLE APROBACIÓN, ratificándose no seu contido literal.

E non habendo outros asuntos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión sendo as 12.45 horas do día ó principio sinalado, de todolo que, en canto Secretaria, dou fe.

O ALCALDE,

A SECRETARIA

Asdo. Félix Juncal Novas

Asdo. Lucía Artime Alonso